



## XL COPA DEPUTACION OURENSE DE ATLETISMO

### CAMPIONATO PROVINCIAL FEDERADO DE CAMPO A TRAVES TEMPADA 2023

#### 1. ORGANIZACIÓN

---

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial de Ourense e a colaboración da Asociación Deportiva Limiactiva o "CAMPIONATO PROVINCIAL FEDERADO DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS" a celebrar o mércores, **6 de decembro de 2023** no **Circuito de Campo a Través do Hipódromo de Antela - Sandias - Xinzo de Limia**, coincidindo coa disputa do "**V Cros de Antioquia**".

#### 2. PARTICIPACIÓN

---

Poderán participar todos os atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2023 tramitada pola Delegación Ourenzá, que pertencen a un Club Ourenzá ou que naceran na provincia de Ourense (debendo acreditar estes últimos posuír licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada en curso). Os atletas que incumpran o presente apartado non poderán participar.

#### 3. INSCRICIÓN

---

Os clubs e atletas federados deberán inscribirse na SDP da RFEA:  
<https://sdp.rfea.es/auth/login>, ata as 20:00 h. do venres, 1 de decembro de 2023.

#### 4. HORARIO

---

O horario e as distancias a percorrer son os seguintes:

11:00 horas – Feminino – S20 e posteriores – 6000m.

11:40 horas – Homes – S20 e posteriores – 6000m.

12:20 horas – Mulleres – S18-S16 – 3.000metros.

12:40 horas – Homes – S18-S16 – 3000metros.

13:00 horas – Mulleres e Homes – S14 – 2.000metros

13:15 horas – Mulleres e Homes – S12 – 1.500metros.

13:30 horas – Mulleres e Homes – S10 – 1.000metros.

13:40 horas – Mulleres e Homes – S8 – 1.000metros

13:50 horas – ENTREGA DE PREMIOS

## 5. CLASIFICACIONES

---

Estableceranse clasificacións individuais e por equipos en todas as categorías:

Individuais\*: Na categoría ABSOLUTA (de S20 en adiante), S18-S16-S14-S12-S10 Homes e Mulleres. A categoría S8 en participativa.

\*Para o Campionato Provincial Individual contarán unicamente aqueles atletas que cumpran 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
- Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
- Ter domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a tempada 2023.

Por equipos\*\*: En todas as categorías o número de atletas que contabilizan nun equipo son 6 (por orde de chegada a meta), podendo presentar cada Club un número ilimitado de integrantes, contabilizando para a clasificación final os postos dos 4 primeiros atletas de cada club (3 atletas nas categorías Absoluta-S18 e S16 Feminina).

Realizando a clasificación da seguinte forma:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos a 4 atletas.
- Esta lista soamente estará formada polos atletas dos clubs que enviaran a inscrición no prazo previsto.
- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados en cada equipo (3 atletas nas categorías Absoluta-S18 e S16 Feminina).
- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto atleta rematara máis próximo ao vencedor da proba.

\*\*Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubs da provincia de Ourense.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



## 6. PREMIOS

---

Concederanse premios ós/ás tres primeiros/as clasificados individuais e premio os 3 primeiros Clubs da Provincia de Ourense en todas as categorías (absoluta, S18-S16-S14-S12 e S10 Homes e Mulleres), todos os participantes na categoría S8 recibirán medalla conmemorativa, tendo para elo a obrigatoriedade de asistir a cerimonia de entrega de premios.

En Ourense a 14 de novembro de 2023

O DELEGADO FGA EN OURENSE

Ángel Fidalgo Vázquez

Asinado no orixinal



**DEPUTACIÓN  
OURENSE**